

CONVENIO ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE VIGO POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓ DO CURSO DE PLANS DE IGUALDADE

Vigo, na data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda, dona Cristina Fabeiro Varela, con DNI 32838635V, secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada por Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de maio de 2021, publicada no DOG nº 92, do 19.05.2021, que actúa en funcións de presidenta en virtude do disposto no artigo 10.3.h) da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG nº 112 do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, (Diario Oficial de Galicia número 117, do 20 de xuño de 2022), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, (Diario Oficial de Galicia número 38, do 22 de febreiro de 2019).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense recíprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, ao abeiro das competencias conferidas pola citada Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais e pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, ambas partes consideran necesario continuar coa colaboración coa Universidade de Vigo para a realización da primeira edición (I) do Curso de Plans de Igualdade (Diploma de curso de formación universitaria).

Segundo.- Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 23 de febreiro de 2026, a realización da I edición do Curso de Plans de Igualdade, co obxecto de afondar en cuestións xerais, así como na elaboración, contido, implantación e seguimento dos Plans, por tratarse dunha ferramenta fundamental que ten como obxectivo garantir a igualdade de trato e oportunidades das mulleres e homes na empresa e a eliminación de situacións discriminatorias por razón de sexo.

Terceiro.- Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que

se aproba o seu Regulamento, mediante este convenio instrumentase a concesión á Universidade de Vigo da subvención prevista de forma nominativa na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, nos termos recollidos neste convenio e na normativa reguladora destas subvencións.

Cuarto.- Que a Universidade de Vigo se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

Quinto.- Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se instrumenta a concesión da subvención nominativa á Universidade de Vigo para a realización da I edición do Curso de Plans de Igualdade (Diploma de curso de formación universitaria), conforme ao Regulamento dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro de dita Universidade, o 28 de xuño de 2021, e que se desenvolverá desde o 15 de setembro ata o 26 de novembro do ano 2026.

Segunda.- O obxectivo que se pretende co desenvolvemento do curso de formación universitaria, é o seguinte:

O curso permitirá ao alumnado estudar os Plans de Igualdade, dende a diagnose da situación, cuestións xerais, elaboración e contido dos Plans ata a súa implantación, seguimento e avaliación, abordando cuestións relativas aos aspectos estratéxicos da súa negociación, así como a análise práctica de casos reais desta ferramenta fundamental cuxo obxectivo é acadar a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e eliminar a discriminación laboral por razón de sexo.

Terceira.- Posto que o fin último é a formación de profesionais en materia de Plans de Igualdade, as persoas destinatarias do curso de formación universitaria serán as que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais. Tamén poderán matricularse alumnos/as da universidade.

Tamén poderán acceder ao curso as persoas con responsabilidade en recursos humanos, xefaturas de relacións laborais, asesoría e cadros das organizacións empresariais e sindicais que reúnan os requisitos legais para cursar estudos Universitarios. Tamén poderán participar outras persoas que non reúnan os requisitos legais de acceso á universidade nas que conorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do Curso sen que estas superen o 50% do total do alumnado.

Os temas que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no Anexo I a este convenio.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de 40 participantes que serán seleccionados pola Universidade de Vigo, a quen corresponde a dirección do curso, e dos que vinte serán propostos polas organizacións empresarial e sindicais representadas no Consello Galego de Relacións Laborais (CEG, CIG, UGT Galicia e SN de CCOO de Galicia). Unha vez recibida a relación de estudantes propostos polas mencionadas organizacións, será remitida dende este organismo á Universidade de Vigo, aos efectos da súa inscrición e matrícula.

O dito número (20) podería incrementarse para o caso de que non se chegasen a cumprimentar as corenta prazas ofertadas. En todo caso, a selección final farase pola Universidade de Vigo. Respecto dos estudantes propostos polas organizacións empresarial e sindicais representadas no Consello Galego de Relacións Laborais, a Universidade de Vigo realizará os trámites de inscrición e matrícula.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) será abonada á Universidade de Vigo unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.01, sen que teña que ser adiantado, no momento de efectuar a matrícula por parte dos participantes propostos polas organizacións empresarial e sindicais representadas no Consello Galego de Relacións Laborais. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

Outorgaráselles ás persoas participantes no curso que o superen e demostren unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas, un título propio acreditativo, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade de Vigo.

Cuarta.- Encoméndase a dirección e coordinación do curso a Marta Fernández Prieto, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo e a Irene Dozo Mougán, profesora axudante doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo.

Quinta.- O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de Plans de Igualdade* mediante a achega de DEZASETE MIL CATROCENTOS EUROS (17.400,00€) con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 14.B1.324A.444.01, denominada “Subvención á Universidade de Vigo”, na que está previsto crédito necesario e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo II.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, a universidade asinante deste convenio queda exonerada da constitución de garantía. O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sexta.

Sexta.- A Universidade de Vigo, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 15 de decembro de 2026 xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Non serán subvencionables os gastos expresamente recollidos como tales no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 42 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o seu regulamento.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiaros conceptos de gasto seguintes:

- Organización, coordinación e dirección do curso.
- Honorarios de profesorado e relatores.
- Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.
- Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais, da inauguración eclausura e demais necesarios para o bo funcionamento do curso.
- Custes indirectos da Universidade de Vigo (xestión académica e administrativa, soporte informático para a docencia, publicidade e difusión, ...) ata un máximo do 15% do financiamento total do Consello a este curso, ao abeiro do establecido no artigo 32.4 e no artigo 42.2 do regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo. Dito importe terá a consideración de pagamento a conta, polo que o importe restante, pendente de xustificación pola Universidade de Vigo, será abonado como se establece nas cláusulas quinta e sexta do presente convenio.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade de Vigo presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das

facturas relacionadas xunto á certificación.

Sétima.- A Universidade de Vigo comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

Oitava.- A Universidade de Vigo comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración orzamentaria do Consello Galego de Relacións Laborais, para o que respectando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, utilizará o logo do CGRL, organismo outorgante da subvención. A realización do curso tamén implicará que a Universidade beneficiaria da subvención asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, en aqueles preceptos que teñan a condición de lexislación básica.

A entidade beneficiaria deberá, igualmente, dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Novena.- O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. As partes asinantes tamén consenten a publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións. A Universidade de Vigo, de conformidade co establecido nos artigos citados e na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio nos Rexistros mencionados.

Décima.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Undécima.- A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos

acontecidos no seu desenvolvemento.

Duodécima.- Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei. Asemade será de aplicación a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima terceira.- As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de *Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar as actividades formativas.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

As partes autorizan a que os seus datos persoais consten no convenio, e mailo resto das especificacións nel contidas e a que podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décima cuarta.- O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

Décima quinta.- O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Décima sexta.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo do establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínase o convenio.

A presidenta en funcións
do Consello Galego de Relacións Laborais

O reitor da Universidade
de Vigo

Cristina Fabeiro Varela

Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO I

PROGRAMA

DIPLOMA DE CURSO DE FORMACIÓN UNIVERSITARIA EN PLANS DE IGUALDADE

Horario clases presenciais: 64 horas de docencia presencial, impartidas martes e xoves en horario de 16:30 a 20:30, a partir do martes, 15 de setembro, excepto a clausura, que terá lugar o venres, 26 de novembro.

Sede docencia presencial: Aula de formación da Dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Rúa García Barbón, 72, Vigo.

Docencia en diferido: 18 horas (marcadas en cor azul), que completan os contidos do curso da docencia presencial con materiais que se poñerán ao dispor das persoas matriculadas.

Os materiais compartiranse a través de da **plataforma virtual Moovi**, da **Universidade de Vigo**.

MÓDULO PRIMEIRO: IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO. MEDIDAS NOS PLANS DE IGUALDADE (24 HORAS)

DATA	TEMÁTICA	RELATORA/RELATOR	MODALIDADE E DURACIÓN
INAUGURACIÓN (martes, 15 de setembro)	LECCIÓN INAUGURAL (2 HORAS síncrona)	Carmen Sáez Lara	Docencia síncrona (2 horas)

1ª Semana (semana do 15 de setembro)	I.- Igualdade e non discriminación por sexo: marco normativo e conceptos xerais (2 HORAS asíncrona)	Irene Dozo Mougán	Docencia asíncrona (2 horas)
1ª Semana (xoves, 17 de setembro)	II.- Igualdade e non discriminación por sexo no ámbito do emprego e as relacións laborais: actuacións nos plans de igualdade 1.- Acceso ao emprego, formación e contratación (2 Horas asíncrona) 2.- Clasificación e promoción profesional e valoración de postos de traballo	Marta Fernández Prieto M.ª José Romero Ródenas	Docencia asíncrona (2 horas) Docencia síncrona (4 horas) de 16:30 a 20:30

2ª Semana (martes, 22 de setembro)	3.- Tempo e modo de prestación do traballo, conciliación e coresponsabilidade (2 Horas asíncrona). 4.- Transparencia retributiva, traballo de igual valor e fenda salarial (4 HORAS síncrona).	Marta Fernández Prieto Jaime Cabeza Pereiro	Docencia asíncrona (2 horas) Docencia síncrona (4 horas)
2ª semana (xoves, 24 de setembro)	5.- Rexistro retributivo e auditoría. Actuacións para a corrección de desigualdades (4 HORAS síncrona).	Mariam Ballester Pastor	Docencia síncrona (4 horas)
3ª semana (semana do 29 de setembro)	6.- Extinción da relación laboral (2 Horas asíncrona).	Francisca Fernández Prol	Docencia asíncrona (2 horas)

MÓDULO SEGUNDO: OS PLANS DE IGUALDADE. CUESTIÓN XERAIS, ELABORACIÓN E CONTIDO. PROTOCOLOS DE ACOSO E MEDIDAS CONTRA A DISCRIMINACIÓN LGTBI (24 HORAS)

3ª semana (semana do 29 de setembro) (xoves, 1 de outubro)	I.- Os plans de igualdade de mulleres e homes: orixe, marco normativo de referencia e significación (2 HORAS asíncrona). II.- A negociación dos plans de igualdade: 1. Ámbito, cuantificación de persoas traballadoras, lexitimación e promoción da negociación do plan. Alcanxe da obriga legal de negociar plans de igualdade.	Irene Dozo Mougán Cristina Aragón Gómez	Docencia asíncrona (2 horas) Docencia síncrona (4 horas)
---	---	---	--

4ª Semana (martes, 6 de outubro)	2. Constitución da comisión negociadora, réxime de funcionamento, procedemento de negociación, aprobación e rexistro (2 horas).	ITSS Ana Pouso Lijó	Docencia síncrona (2 horas)
4ª Semana (xoves, 8 de outubro)	3. A elaboración da diagnose da situación: obxectivos, esixencias e aproximación estratéxica. Ferramentas e contidos (4 horas).	ITSS Teresa Pedrosa Silva	Docencia síncrona (4 horas)
5ª Semana (martes, 13 de outubro)	4. Contido e áreas de actuación dos plans de igualdade (selección e contratación, clasificación profesional, presenza equilibrada en todos os niveis, igual retribución por traballo de igual valor, formación, promoción, conciliación e corresponsabilidade, seguridade e saúde laboral...)(4 horas PRÁCTICA).	Representacións interlocutores sociais (a designar pola CCAINC): - UGT: Trinidad Campos Rodríguez - CCOO: Rebeca Pérez Pico - CIG: Margarida Corral/Ester Mariño CEG: Eva Amores Brandt/José Antonio Neira	Docencia síncrona (4 horas)
5ª Semana (xoves, 15 de outubro)	5. Saúde laboral, perspectiva de xénero e violencia de xénero. Protocolo de actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo. Atención ao Protocolo para a prevención e actuación fronte ao acoso elaborado pola CCAINC (4 horas).	Fernando Lousada Arochena	Docencia síncrona (4 horas)
6ª Semana (martes, 20 de outubro)	6. Plans de igualdade e tratamento da protección fronte á discriminación das persoas LGTBI. Protocolo de actuación fronte ao acoso e a violencia contra as persoas LGTBI. Atención ao Protocolo para a prevención e actuación fronte ao acoso e á Recomendación sobre diversidade sexual elaborados pola CCAINC (4 horas).	Patricia Nieto Rojas	Docencia síncrona (4 horas)

MÓDULO TERCEIRO: COMUNICACIÓN E INTELIXENCIA EMOCIONAL (8 horas)

6ª Semana (xoves, 22 de outubro)	I. A comunicación como factor chave nas negociacións laborais. Comunicación verbal e non verbal. Teoría e práctica.	Ana Belén Fernández Souto y José Rúas Araújo	Docencia síncrona (4 horas).
7ª Semana (martes, 27 de outubro)	II. A intelixencia emocional (2 horas en diferido). III. Estilos de negociación e test de negociación. Análise individualizada do perfil negociador de cada alumno/a.	Ana Belén Fernández Souto Blanca Otero Otero	Docencia asíncrona (2 horas en diferido) Docencia síncrona (2 horas) de 16:30 a 20:30

MÓDULO CUARTO: ASPECTOS ESTRATÉXICOS DA NEGOCIACIÓN (10 HORAS)

7ª Semana (xoves, 29 de outubro)	I. A mesa negociadora, a plataforma de negociación e a banda negocial. Selección das materias importantes na negociación.	ITSS Mónica González Otero	Docencia síncrona (4 horas en directo)
8ª Semana (martes, 3 de novembro)	II. Técnicas de negociación	Representacións interlocutores sociais (a designar pola CCAINC)	Docencia síncrona (4 horas).

8ª Semana (xoves, 5 de novembro)	III. O papel do AGA nos plans de igualdade	ITSS Ana Pouso Lijó	Docencia asíncrona (2 horas en diferido)
MÓDULO QUINTO: IMPLANTACIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E CONTROL DOS PLANS DE IGUALDADE (8 HORAS)			
9ª Semana (martes, 10 de novembro)	I. Implantación, seguimento, revisión e modificación dos plans de igualdade. A comisión de seguimento. Resolución de discrepancias	ITSS Beatriz Sueiro Padín	Docencia síncrona (4 horas en directo)
9ª Semana (semana do 10 de novembro)	II. O control administrativo dos plans de igualdade	Emma Rodríguez Rodríguez	Docencia asíncrona (2 horas en diferido)
	III. O control xudicial dos plans de igualdade	Yolanda Maneiro Vázquez	Docencia asíncrona (2 horas en diferido)

MÓDULO SEXTO: ANÁLISE DE SUPOSTOS REAIS: PRÁCTICA (8 HORAS)			
10ª Semana (martes, 17 de novembro)	I. Experiencia en negociacións	Representacións interlocutores sociais (a designar pola CCAINC)	Docencia síncrona (4 horas en directo)

10ª Semana (xoves, 19 de novembro)	II. Obradoiro de negociación de plans de igualdade (xogo de roles).	Representacións interlocutores sociais (a designar pola CCAINC)	Docencia síncrona (4 horas en directo)
CLAUSURA (2 HORAS)			
10ª Semana CLAUSURA (venres, 20 de novembro)	LECCIÓN DE CLAUSURA	María Emilia Casas Baamonde	Docencia síncrona (2 horas en directo)

ANEXO II

CRISTINA FABEIRO VARELA secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICO

Que no orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para 2026 figura crédito na aplicación 14.B1.324A.444.01, que se considera axeitado e suficiente para satisfacer á Universidade de Vigo o importe dos gastos ocasionados pola realización da I edición do Curso de Plans de Igualdade, que terá lugar desde o 15 de setembro ata o 20 de novembro do ano 2026, nos termos establecidos no Convenio entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo polo que se instrumenta a subvención nominativa para a realización da *I edición do Curso de Plans de Igualdade* prevista na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en Santiago de Compostela.